



 XUNTA  
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22

## Combarro



**un paseo de  
historia e vida**



## Combarro

COMBARRO É UNHA PEQUENA E PINTORESCA POBOACIÓN SITUADA NA RÍA DE PONTEVEDRA. DECLARADA CONXUNTO HISTÓRICO EN 1972 POLA SÚA GRAN RIQUEZA EN ARQUITECTURA POPULAR MARIÑEIRA, NELA DESTACA UNHA ENORME CONCENTRACIÓN DE HÓRREOS E CRUCEIROS EN BO ESTADO DE CONSERVACIÓN. AS SÚAS EDIFICACIÓNS SITUÁNSE EN RÚAS ESTREITAS E EMPEDRADAS Á BEIRA DO MAR, CON VISTAS Á ACHEGADA ILLA DE TAMBO E Á POBOACIÓN DE MARÍN, NA OUTRA BEIRA DA RÍA.

DENDE A IDADE MEDIA, COMBARRO DEPENDEU DO PRÓXIMO MOSTEIRO DE SAN XOÁN DE POIO, QUE LLES COBRABA DÉCIMOS AOS SEUS HABITANTES EN TROCO DE TERRAS E PROTECCIÓN. NO SÉCULO XIX, DESPOIS DA DESAMORTIZACIÓN DE 1836, PASOU A PERTENCER AO CONCELLO DE POIO. NOUTRORA, AS SÚAS ACTIVIDADES MÁIS IMPORTANTES ERAN A PESCA E O MARISQUEO, COMBINADAS CO TRABALLO AGRÍCOLA. A SÚA POBOACIÓN ORGANIZÁBASE EN DOUS GREMIOS, DE MAR E DE TERRA. HOXE EN DÍA O TURISMO É UN DOS SEUS PRINCIPAIS PIARES ECONÓMICOS.

# Imprescindibles

A Cruceiro da praça de San Roque



B Igrexa de San Roque



C Cruceiro da igrexa de San Roque



D Cruceiro da Rúa



E Casas mariñeiras (rúa do Mar)



F Panorámica de hórreos dende O Padrón e O Peirao





# A ruta



- 1 Peirado da Chousa
- 2 Praza de San Roque
- 3 Rúa de San Roque
- 4 A Rúa
- 5 Praza da Fonte
- 6 A Rúa Cega
- 7 A Rualeira
- 8 O Padrón
- 9 O Peirao
- 10 A Rúa do Mar
- 11 Praza da Chousa









## Combarro

COMBARRO É UNHA PEQUENA E PINTOESCA POBOACIÓN SITUADA NA RÍA DE PONTEVEDRA. DECLARADA CONXUNTO HISTÓRICO EN 1972 POLA SÚA GRAN RIQUEZA EN ARQUITECTURA POPULAR MARIÑEIRA, NELA DESTACA UNHA ENORME CONCENTRACIÓN DE HÓRREOS E CRUCEIROS EN BO ESTADO DE CONSERVACIÓN. AS SÚAS EDIFICACIÓNS SÍTUANSE EN RÚAS ESTREITAS E EMPEDRADAS Á BEIRA DO MAR, CON VISTAS Á ACHEGADA ILLA DE TAMBO E Á POBOACIÓN DE MARÍN, NA OUTRA BEIRA DA RÍA.

DENDE A IDADE MEDIA, COMBARRO DEPENDU DO PRÓXIMO MOSTEIRO DE SAN XOÁN DE POIO, QUE LLES COBRABA DÉCIMOS AOS SEUS HABITANTES EN TROCO DE TERRAS E PROTECCIÓN. NO SÉCULO XIX, DESPOIS DA DESMORTIZACIÓN DE 1836, PASOU A PERTENCER AO CONCELLO DE POIO. NOUTRORA, AS SÚAS ACTIVIDADES MÁIS IMPORTANTES ERAN A PESCA E O MARISQUEO, COMBINADAS CO TRABALLO AGRÍCOLA. A SÚA POBOACIÓN ORGANIZÁBASE EN DOUS GREMIOS, DE MAR E DE TERRA. HOXE EN DÍA O TURISMO É UN DOS SEUS PRINCIPAIS PIARES ECONÓMICOS.

A nosa ruta comeza no **peirao da Chousa** 1 que, coma o seu nome nos indica, noutra época foi un espazo dedicado a pequenas terras

de labor cercadas á beira da praia. Na propia praza podemos contemplar varias mostras de hórreos de diferente tipoloxía e materiais: de pedra, de madeira e combinados de ámbolos dous materiais. Todos posúen os seus característicos pés, que illan as cámaras da humidade do terreo, e tornarratos, molduras circulares que impiden o acceso de roedores ao interior do hórreo, onde se gardaba e completaba o secado de cereais, principalmente millo, así como de sardiñas e bocartes.

Nesta praza, hai un popular lavadoiro comunitario, aínda en uso, onde se adoita ver algunhas mulleres lavando á antiga usanza e tendendo, posteriormente, as pezas de roupa



**P. ANTERIORES** Casas mariñeiras, hórreos

**PÁXINA OPOSTA** Hórreos sobre o mar

**DEREITA** Porto deportivo





na parte de arriba; a estrutura superior lémbanos a un hórreo.

O porto ofrécenos unha estampa idílica, coas pequenas embarcacións mariñeiras e as súas artes de pesca tradicionais. Numerosos negocios animan a zona, sobre todo restaurantes, baiucas e bares, aínda que non faltan tampouco algunhas tendas de recordos,



panadaría coma [Campaña](#), algún bazar ou tendas de roupa e complementos.

Nas inmediacións atópase [Marina Combarro](#), o primeiro porto deportivo español galardoadado co Premio á Excelencia de Deseño de Mariñas Jack Nichol en 2012, que conta coa máxima distinción de 5 Gold Anchors, acreditada pola British Yacht Association. As instalacións complétanse cun pequeno centro comercial e de lecer con aparcadoiro subterráneo. É un lugar ideal con vistas ao mar para gozar dun aperitivo, un café ou unha copa no [Café-Bar A Tres Nudos](#); mercar roupa náutica en [Ronática](#) e, para coñecer as rías e iniciarte nas actividades acuáticas, que mellor que acudir a [The Lost Tourist](#), onde imparten clases de vela, de surf ou

**ARRIBA** Tinta Negra, antigo almacén de redes  
**ABAIXO** Surcos na pedra dos carros cargados de algas

*paddle surf*, ademais de alugar embarcacións ou motos de auga.

A poucos metros está [Tinta Negra Bar-Tapas & Cocktails](#), instalado nun vello almacén de redes de pesca, que conserva a orixinal cuberta de madeira e, ademais do servizo de restaurante, cócteles e petiscos, tódalas noites dos sábados ofrece música en directo.

Seguimos o noso paseo e adentrámonos na parte histórica. Na recolecta **praza de San Roque** ②, construída, coma o resto do pobo, sobre a rocha viva, aínda podemos ver as rodeiras, sucos que deixaron os carros cargados posiblemente de algas que servían de fertilizante para as terras de labor.

Entre as casas mariñeiras, de reducidas dimensións, destaca o edificio do século dezaoitto coa súa solaina ou balcón de pedra,



orientado ao oeste para captar as últimas raiolas, que lle dá un certo aire nobiliario.

Dous cruceiros, que evocan a Paixón de Cristo, embelecen este espazo; un formado por unha simple cruz e outro coa imaxe do Crucificado no anverso e a da Virxe do Socorro no reverso, quen, co seu baloco ameazante, protexe á poboación fronte ao mal, representado polo demo aos seus pés.

Diante dalgúns cruceiros hai un pousadoiro, isto é unha mesa de pedra na que se depositaban os cadaleitos. Nos enterros os veciños adoitaban portar o féretro a ombros e deixalo

**ARRIBA** Cruceiro na praza de San Roque  
**ABAIXO** Cruceiro con pousadoiro





nos pousadoiros dos cruceiros mentres se rezaba un responso polo alma do finado.

Nesta praza sitúase un dos restaurantes máis prestixiosos da zona, [O Alvariñas](#), que abre en temporada ou previa solicitude e destaca tanto polos seus manxares coma pola súa

**ARRIBA** Este cruceiro foi debuxado por Castelao no seu libro *As Cruces de Pedra na Galiza*

**ABAIXO** Igrexa de San Roque



decoración. Dos seus muros penduran retratos de ilustres mariños coma Colón, Blas de Lezo, Álvaro de Bazán ou Churruca. Non esquezamos que, xusto en fronte de Combarro, se atopa a Escola Naval Militar de Marín, onde cursaron estudos os reis Xoán Carlos I e Felipe VI e, curiosamente, ámbolos dous frecuentaron este local.

Nos arredores vemos algunhas tendas de recordos e artesanía que amosan os seus variados produtos nas fachadas como reclamo comercial para o turista.

A [rúa de San Roque](#)  lévanos ata a [IGREXA PARROQUIAL DE SAN ROQUE](#), que data do

século XVIII e foi construída sobre un antigo oratorio. O nacemento desta parroquia, en 1868, supuxo a independencia de Combarro do mosteiro de Poio. No interior do templo, como non podería ser doutro xeito nun pobo de pescadores, venérase á padroa dos mariñeiros: a Virxe do Carme, que sae en procesión marítima o 16 de xullo. Ese día, cando se celebra a súa festividade, os mariñeiros enfeitan as súas barcas con flores e bandeiras para ter a honra de portar a imaxe da Virxe.

Sobre o muro do adro que circunda a igrexa hai un cruceiro que foi debuxado por Castelao na súa obra *As cruces de pedra na Galiza*. No seu fuste está labrada a imaxe de san Roque, patrón da poboación, ataviado como peregrino, que sinala coa súa man dereita a perna chagada, e acompañado de Melampo, o seu leal cadelo. Mentres o santo estivo illado por padecer a peste, Melampo leváballe un codelo nas súas fauces acotío. Culmina a peza Cristo, cravado no anverso da cruz, acompañado por María e san Xoán, e no



reverso, a imaxe da Virxe da Renda co neno Xesús no colo.

Conta a lenda que, na achegada illa de Tambo, había unha capela onde se rendía culto á Virxe María, pero que, a finais do século XVI, foi saqueada polo corsario Francis Drake, quen guindou a súa imaxe ao mar. Así a todo, a talla foi rescatada polas redes dos mariñeiros que a trasladaron á próxima ermida de Renda.

Ao longo da rúa de San Roque podemos ver as [ENXE BRES CASAS MARIÑEIRAS](#), con pequenos soportais baixo os amplos balcóns de madeira ou forxa. A maraña urbana de Combarro organízase arredor desta rúa principal, paralela ao mar, da que xorden caellas perpendi-

**ARRIBA** Casa mariñeira

**ABAIXO** Recordos de Combarro





culares que a atravesan. As escasas dimensións das vivendas delatan a súa humilde economía, baseada na agricultura e na pesca.

Algunhas tendas de recordos ofrécennos mil e unha variedades de licores e cremas de augardente, moitos de elaboración propia, dende os máis tradicionais, coma o licor café, o tostado ou o de herbas, aos máis exóticos, coma a crema de mojito, o de arroz con leite ou o de chocolate con cereixas. Non esquezamos que estamos nunha das zonas vitícolas máis importantes de Galicia, un dos berces da Denominación de Orixe Rías Baixas, e que en Combarro hai unha gran tradición de destilados. É habitual que, trala vendima e elaboración do afamado viño albariño, o bagazo (partes sólidas da uva) se destile para a creación destas delicias.

Tampouco faltan no noso percorrido as meigas, omnipresentes en Combarro. Hai quen explica a existencia dos cruceiros como un xeito de cristianizar aqueles lugares onde se


ARRIBA *Cruceiro da Rúa*  
ABAIXO *Meiga*

realizaban ritos pagáns, como por exemplo os aquelarres das bruxas.

Na intersección das dúas rúas principais, **A Rúa 4** e A rúa do Mar, atopámonos co **CRUCEIRO DA RÚA**, na cruz do cal encóntrase Xesús crucificado e no seu reverso aparece novamente a imaxe da Virxe do Socorro; as representacións de san Francisco, labradas no capitel e no fuste, completan o conxunto.

As mesas-altares son adornadas profusamente con manteis florais durante a Festa do Corpus Christi, do mesmo xeito que as alfombras que tapizan as principais rúas de Combarro por onde pasará a procesión.

Alguns bares de tapas, aloxamentos turísticos e restaurantes distribúense ao longo da rúa, ocupando edificios tradicionais coma o



*bar de tapas Pedramar*, que ten unha terraza con vistas á ría.

Durante o paseo sorpréndennos algunhas indicacións que nos advirten de que estamos na Variante Espiritual do Camiño Portugués, que une a ruta tradicional portuguesa do Camiño de Santiago co Camiño marítimo do mar de Arousa e o río Ulla para chegar á tumba do Apóstolo.

Os nosos pasos lévannos á **praza da Fonte 5**, onde nos agarda un novo cruceiro, coa tenra reprodución no fuste dunha muller levando da man a unha nena espida. Para algúns representa a Santa Ana coa súa filla, a Virxe nena. Na parte superior está a cruz: no anverso contemplamos unha caveira e dúas tibias aos pés do Crucificado e no reverso a Virxe das Angustias. O cruceiro está datado



no ano 1771, tal e como indica a inscrición que o acompaña.

Dende a praza podemos achegarnos á **Rúa Cega 6**, onde observamos que as casas non miran ao mar, tal vez de aí o nome de cega. As construcións teñen un portal máis amplo para o paso do gando e dos carros, claro indicador de que os seus propietarios traballaban no campo.

Moi preto, na **Rualeira 7**, o **CRUCEIRO DA RUALEIRA** conta cun curioso fuste que simula o toro dunha árbore co arranque das pólas e, na parte baixa, amosa os símbolos da Paixón de Cristo: a coroa de espiñas, a escaleira, os tres cravos nun corazón ou o martelo. Cristo

ARRIBA *Cruceiro da praza da Fonte*  
ABAIXO *Cruceiro da Rualeira*









e a Virxe do Socorro rematan o conxunto no anverso e reverso da cruz.

Continuamos o paseo ata **O Padrón** 8. Desde alí contéplase unha das panorámicas máis fermosas de Combarro: as minúsculas casas coas súas escaleiras de acceso directo á ría e unha rea de hórreos na beiramar. Coa baixamar é posible que tamén vexamos traballar ás incansables mariscadoras da zona, extraendo os deliciosos moluscos da ría.

Antes de abandonar o lugar non nos pasará desapercibido o MODERNO CRUCEIRO DE PADRÓN, de 1997, doado pola familia Rial-Díaz, tal e como reza a inscrición, que substituíu ao derruído por un temporal. As imaxes que aparecen son as da Virxe do Carme, a Virxe do Rosario e o Crucificado. Como curiosidade hai que salientar que nesta ocasión a Virxe do Rosario olla cara á terra, algo curioso xa que en Combarro a maioría dos cruceiros teñen á Virxe María ollando cara ao mar e a



Xesús cara á terra, porque alí se encontra o templo parroquial.

A escasos metros temos, con vistas á praia, o bar A Rosa dos Ventos, que pode ser un bo oasis para gozar deste paraíso nas Rías Baixas.

Se a marea nolo permite, podemos camiñar cara ao **Peirao** 9, noutros tempos lugar de desembarco de peixe, de mercado de produtos da horta e, por suposto, espazo de celebracións populares. Hoxe está ocupado polas terrazas dos restaurantes tradicionais, Entre Pedras e O Peirao, que nos permitirán degustar a gastronomía local con boas vistas á ría. Algúns dos pratos estrela de Combarro

**P. ANTERIORES** Procesión do Carme, O Peirao  
**PÁXINA OPOSTA** Panorámica desde O Padrón  
**ARRIBA, ABAIXO** Hórreos mirando ao mar





son a empanada de millo con berberechos e as sardiñas asadas.

Dende aquí, pola **Rúa do Mar** 10, podemos descubrir a estampa máis típica de Combarro, unha infinidade de **HÓRREOS** pegados ao mar con numerosas calellas de acceso directo á ría, utilizadas por mariñeiros e mariscadores para subir e baixar as pequenas embarcacións e os aparellos, como os raños e as redes. Observamos que os hórreos, que en Combarro se chaman palleiras, pois o teitume noutros tempos era de palla, presentan, rematando o seu tellado, nalgunhas ocasións cruces e, noutras, pequenos pináculos. Trátase de símbolos cristiáns e pagáns que axudan a protexer a colleita gardada no seu interior.

Atopamos ao noso paso por esta rúa numerosos locais de venda de recordos e artesanías, coma *Artesanía O Funil*, *Regalos Alberto* ou *Maresola* este último situado na casa

natal dos devanceiros do Premio Nobel da Paz, Adolfo M. Pérez Esquivel, como así o testemuña unha placa colocada na fachada do nº 4.

Ademais dos recordos máis habituais, coma dedais, pratos, cunchas ou camisetas, podemos tamén adquirir algunhas boas pezas de artesanía en porcelana ou cerámica de firmas prestixiosas, coma *Barreiros*, *Regal*, *Buño* ou *Luarada*, e outras labradas en ferro ou granito, coma *Candán*, que presenta reproducións a escala do patrimonio de Galicia. Completan a oferta os zocos artesáns de *Zoclos*, a bixutería de *Kimu* ou a *Cerámica da Ulla*, con pezas cargadas de simbolismo celta. O edén para os amantes dos recordos!

No nº 28 está *Abarrotés*, tenda delicatessen, que nos ofrece numerosos produtos con denominación de orixe de Galicia. Entre eles, chámanos a atención as súas pastas

de mirabel, as madalenas de castañas ou as marmeladas de pementos de Herbón.

Entre tendas de recordos, atopamos tamén algunhas baiucas que gardan o sabor mariñeiro doutros tempos, coma *O Bocoí*, outras escavadas na rocha, onde o refinamento na presentación do produto é a firma da casa, como é o caso de Leucoíña, e algunhas que ocupan os antigos almacéns de sal ou de aparellos, coma *O Peirado de Rial*, onde a súa boa situación, ao lado do mar, permitía a descarga pola ventá da pesca directamente dende as embarcacións. O seu cociñeiro, Juan Manuel Rial, é alcumado o Rei da Pizza, pola súa traxectoria en Lausanne, onde cociñou en 1985 unha pizza xigante de 15 metros cadrados. Hoxe, á parte de pizzas artesás, tamén ofrecen a gastronomía local baseada nos produtos do mar e da terra.

Rematamos o percorrido pola cidade vella camiñando pola rocha sobre A Gurita, unha escaleira que nos facilita o regreso á **praza da Chousa** 1, lugar que foi o inicio do noso itinerario.

Esta praza convértese durante tres días de agosto nun templo para os amantes do rock coa celebración de *Armadiña Rock*, que se



consolidou como un dos festivais de rock máis importantes da zona. Hai que salientar que baixo o título *O último festi* edita o seu propio cómic. Ademais, tódolos martes hai un mercado de postos ambulantes onde podemos adquirir dende queixos ou embutidos ata produtos téxtiles e complementos.

A peculiar arquitectura de Combarro foi escenario de incontables reportaxes fotográficas e películas, entre as que cabe salientar *A Casa da Troia*, *Botón de Áncora* ou *Dagon: a seita do mar*, baseada nunha novela de H. P. Lovecraft e rodada no ano 2001, na que o actor Paco Rabal realizou a súa última interpretación cinematográfica.

**PÁXINA OPOSTA** Tendas de recordos

**ARRIBA** De volta á praza da Chousa





## **O Mosteiro de San Xoán de Poio**

A escasos quilómetros de Combarro sitúase un dos mosteiros máis antigos de Galicia, pois a tradición atribúelle a súa fundación a san Frutuoso de Braga alá polo século VII. Posteriormente pasou a mans dos bieitos e hoxe é atendido polos pais mercedarios.

Pódense visitar a igrexa renacentista, que ten o chan numerado e dividido en cuadrículas porque así sinalaban as vellas sepulturas dos fregueses; a capela do Cristo, onde se atopa o sartego visigodo de santa Trahamunda, tamén coñecida como a santa da nostalgia; o claustro das Procesións, ornado de camelias, coa súa espléndida fonte de pedra no centro; o refectorio; a escaleira de honor, sen estribos, que dá a impresión de estar suspendida no aire; un dos hórreos máis grandes de Galicia; e o claustro do cruceiro, onde admiramos un gran mosaico sobre o Camiño de Santiago.

## **Paseo en catamarán pola ría de Pontevedra**

Dende o porto de Combarro, podemos embarcar nun catamarán, que ten saídas regulares con Cruceros Pelegrín entre os meses de marzo e novembro, e realizar un agradable paseo navegando pola ría de Pontevedra. Durante a travesía albíscanse a illa de Tambo e o seu faro, o porto de Marín e a pintoresca imaxe dende o mar de Combarro. O catama-

rán con visión submarina achégase ás bateas para amosarnos o proceso de cultivo de ostras, vieiras e mexillóns, rematando a visita cunha degustación a bordo de mexillóns ao vapor e viño novo. E cun pouco de sorte poderemos dexergar golfiños!

## **O Parque da Memoria**

No lugar da Seca erixiuse un monumento en homenaxe a todos aqueles que, nun momento dado, tiveron que abandonar o seu fogar, por motivos políticos ou económicos, os exiliados e emigrantes. Adolfo Pérez Esquivel, Premio Nobel da Paz, é o alma mater desta iniciativa, tomada en lembranza do seu pai, que partiu de Combarro na procura dun futuro mellor.





გზიციბ